



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DE 1 PERSOA PARA AS OFICINAS DE TURISMO, SEGUNDO A RESOLUCIÓN DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA DO 7 DE MAIO DE 2015

1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA

Selección de 1 traballador/a desempregado/a de entre os candidatos enviados polo Servizo Público de Emprego, para a prestación do servizo de información turística, dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2015, segundo a resolución da Axencia Turismo de Galicia de data 7 de maio de 2015.

2º.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Con carácter xeral os/as candidatos/as enviados polo Servizo Público de Emprego deberán reunir os requisitos establecidos pola convocatoria da **Resolución do 18 de decembro de 2014** (DOGA N.º. 12, do 20 de xaneiro de 2015) **da Axencia Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015**, e ademais deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requiridas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Titulación necesaria para o posto de traballo a desenvolver.

Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración da selección.



3º.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.

A fase de selección, será mediante concurso-oposición, ambas fases se valorarán conxuntamente, non sendo excluíntes ningunha das probas da fase de selección.

Ambas probas se realizarán o mesmo día, polo que os aspirantes deberán asistir á hora sinalada, provistos do D.N.I. ou documento identificativo, e a carta de convocatoria remitida polo Servizo Público de Emprego.

4º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL.

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal

Vogáis (3): Tres empregados/as municipais.

Secretario/a: Un/ha empregado/a do Concello, agás que solicite para si estas funcións a Secretaria Xeral.

Os membro da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora poderá solicitar, se o estimase procedente e conveniente, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da L.R.X. – P.A.C.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente/a, o/a Secretario/a e un terzo dos vogais.

5º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.

A proba selectiva tratará de combinar equilibradamente a capacitación profesional e os aspectos sociais dos candidatos.

1. FASE DE CONCURSO (Máx. 8 puntos)

a) Formación (Máx. 2 puntos): Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas coas funcións propias da convocatoria, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración Pública, por un centro oficial de formación ou institución homologada para impartir formación profesional continua.



Cursos de ata 30 horas :	0,25 puntos
Cursos de 31 a 100 horas:	0,50 puntos
Cursos de 101 a 300 horas:	0,60 puntos
Cursos de más de 301 horas:	1,00 punto

b) Situación socio familiar (Máx. 2 puntos): Acreditarase mediante declaración xurada.

Cargas familiares:

Número de membros a cargo do/a aspirante	Puntos
1	0,5
2	1
3	1,25
>4	1,50

Antigüidade no paro:

Menos de 6 meses	0,25
6 meses	0,50
1 ano	0,75
18 meses	1,00
Máis de 2 anos	1,25

Outros:

Familia monoparental	0,5
Carencia de ingresos na unidade familiar	0,5

c) Acreditación de coñecemento do idioma galego (Máx. 1 punto):

Acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais. Puntuarase únicamente o de maior nivel.

Celga 3:	0,50 puntos
Celga 4:	1,00 punto



d) Acreditación de idioma extranxeiro (Máx. 3 puntos)

No caso dun primeiro idioma:

Nivel Básico, 0.5 ptos.

Nivel Intermedio, 1 pto.

Nivel Avanzado, 2 ptos.

Para outros idiomas

Nivel Básico, 0.25 ptos.

Nivel Intermedio, 0.5 ptos.

Nivel Avanzado, 1 pto.

Puntuarase unicamente o de maior nivel.

2. FASE DE OPOSICIÓN (Máx. 12 puntos)

A Fase de Oposición constará de dúas probas que non serán excluíntes entre sí:

1ª Proba: Os aspirantes deberán someterse a un test específico respecto do posto de traballo ao que optan para poder valorar os seus coñecementos respecto das tarefas que deberán desempeñar, sendo a puntuación máxima desta proba de 6 puntos.

2ª Proba: Os aspirantes deberán asistir a unha entrevista persoal e individual co Tribunal, que versará sobre as competencias e a capacitación dos aspirantes para o desenvolvemento adecuado do posto. Para elo, o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto de traballo, sendo a puntuación máxima de esta proba de 6 puntos.

As cualificacións da fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

3. VALORACIÓN FINAL. Unha vez rematadas as dúas probas da fase de oposición o Tribunal baremará os resultados obtidos na fase de méritos e na fase de oposición para seleccionar con toda a información recollida ó candidato que mellor se adecúe ao posto de traballo convocado, sendo seleccionado os que obteña maior puntuación.

En caso de igualdade na puntuación final dos aspirantes, terase en conta en primeiro lugar a puntuación obtida na valoración feita polo Tribunal na entrevista, se aínda persiste a igualdade, se atenderá a puntuación obtida no test, e se seguira habendo empate, se atenderá



á puntuación obtida na fase de méritos e por último se persistira o empate, se resolverá por sorteo.

O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor do candidato que obtivese maior puntuación no conxunto da proba selectiva.

O/a secretario/a levantará acta comprensiva dos elementos ou criterios obxectivos de valoración adoptados para a cualificación, así como do resultado das probas.

6º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.

O/a aspirante seleccionado/a e proposto/a polo Tribunal deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos e dos méritos alegados no prazo de tres días.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

7º. INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

Vilagarcía de Arousa, a 8 de xuño de 2015

O Alcalde-Presidente

Tomás Javier Fole Díaz

A Secretaria Xeral.

Rosa Losada Suárez

